



ANTECEDENTES

INFORME PREVIO DO COMITÉ GALEGO DE XUSTIZA DEPORTIVA AO ABEIRO DA DISPOSICIÓN ADICIONAL 4ª DO DECRETO 16/2018 DE 15 DE FEBREIRO DE 2018, POLO QUE SE ESTABLECEN AS BASES E CRITERIOS PARA A ELABORACIÓN DOS REGULAMENTOS ELECTORAIS QUE DEBEN REXER A REALIZACIÓN DOS PROCESOS ELECTORAIS NAS FEDERACIÓNS DEPORTIVAS GALEGAS, MODIFICADO POLO DECRETO 171/2021, DO 23 DE DECEMBRO.

A Federación Galega de Caza (en adiante F.G.C.) ao abeiro do disposto na disposición adicional cuarta: "da interpretación e das excepcións", do Decreto 16/2018 de 15 de febreiro de 2018, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas, solicita o 23 de maio de 2022 á Secretaría Xeral para o Deporte, a modificación dos cambios de criterio dos artigos 8.1.a) e b), 20.4 e 32.3 do Decreto 16/2018 modificado polo Decreto 171/2021, en concreto dos requisitos para ser electores e elixibles á asemblea xeral regulados nos artigos 8.1 a) e b) do devandito Decreto 16/2018, a circunscrición electoral regulada no apartado 4 do artigo 20 e sobre a votación co criterio do apartado 2 do artigo 32 .

Esta solicitude foi aprobada pola Asemblea Xeral Extraordinaria da F.G.C de data 20 de maio de 2022.

Xunto coa solicitude, a F.G.C. presenta o certificado dos acordos adoptados na acta da Asemblea Xeral do 20 de maio de 2022 e a memoria xustificativa das excepcións solicitadas.

Á vista da solicitude e da documentación achegada pola F.G.C e que de acordo coa disposición adicional cuarta do Decreto 15/2018 de 16 de febreiro de 2018 polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas é preceptivo o informe previo do Comité Galego de Xustiza Deportiva, este Comité, na súa sesión plenaria do 6 de xuño de 2002, sendo relator D. Domingo Bello Janeiro, examina as solicitudes e os argumentos expostos pola F.G.C que de xeito resumido consisten en:

PRIMEIRO.- A F.G.C., pretende acollerse á excepcionalidade en aras dunha maior participación democrática para que todos os federados e todas as sociedades de caza poidan participar no proceso electoral, sen as limitacións previstas no Decreto condicionadas á participación nas diferentes competicións oficiais en termos que a continuación detállanse.



SEGUNDO.- A F.G.C. propón engadir o estamento doutros colectivos integrado no caso da FGC polas xuventudes por estar previsto na composición da Asamblea Xeral e a eliminación do requisito esixido aos deportistas de ter participado, dende xaneiro do ano anterior ao da celebración das eleccións, nunha competición oficial celebrada en Galicia porque na FGC a inmensa maioría dos deportistas federados non participan en competicións oficiais e así de 19.560 federados só un porcentaxe non superior o 20% participaron nalgunha competición oficial, resultando contrario ao principios de democracia e participación limitar o dereito de ser elector e elixible a menos dunha quinta parte dos deportistas tralo que propoñen engadir que non se restrinja a excepción só as federacións nas que a totalidade da súa actividade deportiva non teña carácter competitivo pois son minoría, non chega ao 20 %.

TERCEIRO.- De igual xeito que no caso das persoas físicas, xustifícase a proposta de eliminar o requisito esixido ás entidades deportivas de ter participado, dende xaneiro dos dous anos anteriores ao ano de celebración das eleccións, como mínimo, nunha competición oficial en Galicia cada tempada; .porque a participación das sociedades de caza en competicións oficiais é individual, e así de 470 sociedades federadas só unhas 200 participaron en competicións oficiais, polo que de non eliminarse este requisito vulneraríase os principios de democracia e participación nos órganos de representación e goberno da FGC o privar do dereito ao 60%.

CUARTO.- Proponse a circunscrición electoral provincial, por estar así prevista no artigo 23.3 e 105 dos Estatutos da F.G.C. para a elección dos xuíces, adestradores e outros colectivos(xuventudes).

QUINTO.- Solicítase que se permita as votacións en día hábil e non como aparece na redacción actual do artigo 32.2 que esixe que a data de votación deberá ser un sábado, domingo ou un día festivo, dado que segundo establece a Resolución Anual de Vedas aprobada pola Administración eses días con días hábiles para a práctica da actividade deportiva-cinexética, feito que podería limitar considerablemente a participación das persoas cazadoras no proceso de votacións e ademias non están abertas as oficinas das sedes electorais da FCG en aplicación do convenio colectivo dos traballadores da entidade.

Á vista dos argumentos fácticos e xurídicos vertidos pola F.G.C. e do acordo assembleario adoptado no seno da mesma, en cumprimento do disposto na disposición



adicional cuarta do Decreto 16/2018 de 15 de febreiro, este Comité emite o seguinte INFORME, cos efectos que do mesmo se poidan derivar:

Informamos favorablemente a solicitude relativa á engadir o estamento doutros colectivos (xuventudes), así como á eliminación do requisito esixido aos deportistas de ter participado, dende xaneiro do ano anterior ao da celebración das eleccións, nunha competición oficial celebrada en Galicia, coa finalidade de favorecer a participación maioritaria dos deportistas da F.G.C.

Asimesmo informase favorablemente sobre non restrinxir a excepción só as federacións nas que a totalidade da súa actividade deportiva non teña carácter competitivo pois tratase de favorecer a participación polas peculiaridades desta Federación aínda que a Administración pretende potenciar e a representación precisamente das entidades que participan das actividades de carácter competitivo.

Polas mesmas razóns, respecto á solicitude de eliminar o requisito esixido ás entidades deportivas de ter participado, dende xaneiro dos dous anos anteriores ao ano de celebración das eleccións, como mínimo, nunha competición oficial en Galicia cada tempada, se informa favorablemente, precisamente para fomentar a participación aínda que non descoñecemos que coa esixencia deste requisito parece que a Administración Deportiva Galega quere primar a representación daquelas entidades deportivas que participan das competicións e actividades organizadas polas propias federacións deportivas (como así o fixeron 200 sociedades de caza). Por outra banda, un censo electoral do 40 % do total de entidades deportivas non é suficientemente representativo para dar lexitimidade aos representantes elixidos polo estamento de entidades deportivas polo que informase favorablemente.

Informamos favorablemente, dado que así esta previsto no artigo 23.3 e 105 dos Estatutos da F.G.C. e responde máis fidedignamente á organización territorial da F.G.C, que a circunscrición electoral para a elección dos xuíces, adestradores e outros colectivos sexa a provincial.

Tamén se informa favorablemente, á vista dos argumentos fácticos alegados, por último a solicitude de permitir a realización das votacións en día hábil por non estar abertas as oficinas das sedes electorais polo convenio colectivo e, sobre todo, porque os días festivos son hábiles para a práctica da caza, o que podería limitar, xa que logo, a participación dos cazadores na votación.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. De conformidade coa Disposición Adicional cuarta. "Da interpretación e das excepcións" do Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas, modificado polo Decreto 171/2021, é competencia da Secretaría Xeral para o Deporte aprobar, previo informe do Comité Galego de Xustiza Deportiva, cambios nalgún dos criterios contidos no citado decreto cando se aprecie imposibilidade ou grave dificultade do seu cumprimento.

2.- Á vista das xustificacións alegadas pola F.G.CAZA, reproducidas no antecedente segundo e informadas favorablemente polo Comité Galego de Xustiza Deportiva,

RESOLVO

Estimar a solicitude **informada favorablemente** polo Comité Galego de Xustiza Deportiva no seu informe do 6 de xuño de 2022.

A presente resolución notificarase á interesada, facéndolle saber que esgota a vía administrativa e que contra a mesma poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición perante a Secretaría Xeral para o Deporte, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación ou directamente recurso contencioso administrativo perante a sola do contencioso administrativo do tribunal superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a partir do día seguinte o da súa notificación, consonte ao disposto no artigo 46 da Lei 29 /1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa.

Santiago de Compostela,

O secretario xeral para o Deporte

José Ramón Lete Lasa (asinado dixitalmente)